

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 48 TRAXES DE INTERVENCIÓN DE TIPO ESTRUTURAL CON ARNÉS INTEGRADO CON DESTINO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (BOMBEIROS LUGO). EXPDTE REF: 2020/C004/000015. SELECCIÓN DE OFERTA MÁIS VENTAXOSA.

Sendo as 9:00 horas do día 17 de setembro de 2020 no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (3º planta do antigo Seminario Menor), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Isabel Sáez Mancebo xefa de servizo de Contratación e Patrimonio e actuando como vocais:

- dona Gema Vázquez Rey, xefa de sección de Intervención.
- don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica.
- don Miguel López Palacios sarxento do servizo de Bombeiros.

E actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez técnico do servizo de contratación e patrimonio.

Asiste a este acto don Santos Morán en nome de El Corte Inglés.

Lémbrese aos asistentes de que anterior xuntanza da Mesa procedérase á apertura do sobre C pero se pospuxo para un momento posterior a determinación da puntuación definitiva e selección da oferta economicamente máis vantaxosa, todo isto previa convocatoria do acto público coa antelación indicada nos pregos de cláusulas administrativas.

Polo tanto dáse conta do seguinte CADRO DE PUNTUACIÓNS:

EMPRESA	OF. ECO	RESIT. VAPOR	TRAN. CAL.1	TRAN. CAL.2	TRAN. RAD.1	TRANF. RAD.2	REP. NaOH	REP. HCL	REP. H2SO4	REP. O-Xileno	TALLA	DOTAC
EL CORTE INGLÉS	1,01	10,00	1,20	2,00	0,61	0,96	1,98	2,00	2,00	2,00	0,86	-
GRUPO DISNAINGA	25,00	1,38	1,44	1,84	2,00	2,00	1,95	1,96	1,88	-	2,29	-
SAGRES	0,66	4,75	2,00	1,84	0,98	-	2,00	1,62	1,87	0,87	4,00	-

TOTAL MATEMÁTICO	XUIZO DE VALOR	FINAL
24,63	36,33	60,96
41,73	14,77	56,50
20,59	13,81	34,40

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

AIS/atm

Refª: ispac6396959247550945154.doc

Asunto: acta Mesa 17.09.20 seleccion oferta EL CORTE INGLÉS

Por outra banda dáse conta do informe do Sarxento de Bombeiros da correcta presentación da documentación esixida no prego de cláusulas administrativas por parte da mercantil EL CORTE INGLÉS:

Así pois unha vez rematado o acto público, a mesa de contratación propón como oferta máis vantaxosa coa mellor relación calidade-prezo a presentada pola empresa EL CORTE INGLES S.A que realiza a seguinte oferta económica:

Prezo para a totalidade dos 48 traxes sen IVE: 71.405,76 euros.

IVE (21%): 14.995,21 euros.

Prezo total para totalidade dos 48 traxes IVE incluído: 86.400,97 Euros

Compróbase que a dita empresa SI está inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia polo que pode comprobarse e acreditase o cumprimento de parte dos requisitos esixidos.

Porén, e dado que non se acredita a totalidade, a Mesa de Contratación **requíreselle á dita empresa para que presente no prazo máximo de 10 días hábiles** dende o envío deste requirimento no Rexistro Xeral do Concello (dirixido ao Servizo de Contratación) a seguinte documentación:

1º.- Constitución e presentación dunha **garantía definitiva** por importe de **3.570,29 euros**.

** Para proceder ó pagamento deste importe realizarase ingreso ou transferencia bancaria nas entidades financieras e contas que a continuación se relacionan indicando claramente o concepto (Garantía Definitiva) e o nome do procedemento de contratación e obxecto do contrato.*

. Abanca: ES59 2080 0101 56 3110000947

. LA CAIXA-CAIXABANK: ES08 2100-5850-07-0200014045

. BANCO SABADELL : ES35 0081-2141- 6600-0102-4611

Un xustificante desta transferencia ou ingreso deberá presentarse xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

No caso de que a garantía definitiva se presente aval ou seguro de caución, o orixinal destes documentos presentarase igualmente xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

2º.- Acreditación da **solvencia económica e técnica** polos medios establecidos na **cláusula 6.2 do PCAP.**

3º.- Derradeiro recibo de pagamento do IAE.

4º.- Certificación positiva de atoparse ao corrente coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

5º.- Certificación positiva de atoparse ao corrente coa Seguridade Social.

Igualmente lembráselle que:

1.- Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos aos contratos, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo certificación da Compañía de Seguros conforme o seguinte modelo:

A Compañía de Seguros con NIF
CERTIFICA:
1.- Que a empresa con NIF ten contratada con esta compañía a póliza de seguro co número con efecto dende o día..... e vencemento e que se atopa ao corrente do seu pagamento.
2.- Esta póliza de seguro ten as seguintes coberturas e límites/sublímites:
<input type="text" value="Responsabilidade civil."/>
3º.- Este seguro cubre a responsabilidade civil pola actividade obxecto do contrato consistente en:
<input type="text" value="Subministración de traxes de bombeiros"/>

2.- Así mesmo deberá remitir ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo con carácter previo ao inicio da prestación do servizo a documentación que se sinala na cláusula 16.2 dos pregos de cláusulas administrativas relativo ao cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais.

O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra estes acordos da Mesa de Contratación poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- No obstante o anterior, recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9,15 horas.

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)
Asdo.: Ana Isabel Sáez Mancebo

A SECRETARIA, (sinatura dixital)
Asdo.: Ana Tabarés Martínez